O.J.D.: 37063
E.G.M.: 266000
Tarifa (€): 678

FARO DE VIGO ENTRE RIOS

Fecha: 21/01/2011
Sección: SUPLEMENTO
Páginas: 8

## Integración e solidariedade

# O Porriño realiza cursos dirixidos ao pobo

**C.A.** [O PORRIÑO]

Un total de 37 persoas participaron nos diferentes cursos enmarcados no Plan Xitano organizado polo Concello do Porriño co obxectivo de axudar a este colectivo a mellorar a súa calidade de vida.

Este plan comprendeu diferentes proxectos, como os de hixiene na vivenda e no medio, beneficio da actividade física e cociña saudable. Na clausura destas accións, os alumnos recibiron un diploma acreditativo dos talleres realizados. Na ocasión, ademais do alcalde Nelson Santos e a concelleira Mª Carmen Palacín, estivo presente a delegada territorial da Xunta en Vigo, Lucía Molares, quen tamén participou na entrega dos diplomas, nun acto celebrado no Edificio Multiusos de Torneiros e ao que tamén asistiron varios membros do goberno local.



**Momento da entrega de diplomas aos participantes.** // C.OP./C.A.